

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE ABRIL DE 2012.

Asistentes: Alcalde-Presidente: D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa Vocais: D. José Manuel González Alvarez Dª Mª Dolores Meitín Guerreiro Secretario: D. Luis Mª Fernández del Olmo Interventora: Dª Elena Santos Rey Ausente: Dª Ana María Abad López	Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dezanove de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora Dª Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.
--	--

A) APROBACIÓN DA ACTA

ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 22 de marzo de 2012.

Advertidos erros na redacción da acta citada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda rectificar os erros citados que a seguir se transcriben:

- 1º).- No punto D.4) os apartados 2º, 3º e 4º substitúense por un único apartado 2º.- que debe dicir “ *A subvención que se concede rexese polas Bases aprobadas por este Concello en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2012*“, quedando redactada de forma definitiva do seguinte xeito:

D.4)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE JAIME VALE INSUA PARA ELVIRA QUIZA FERNANDEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
D. Jaime Vale Insua R/ Irmáns Vilar Ponte, 21 27850 Viveiro	D. Elvira Quiza Fernández Avda. Diputación, 34 4º F (27870 Xove)

A subvención que se concede rexese polas Bases aprobadas por este Concello en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 201.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

- 2º).-No punto D.6) os apartados 2º, 3º e 4º substitúense por un único apartado 2º.- que debe dicir “ *A subvención que se concede rexese polas Bases aprobadas por este Concello en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2012*“ quedando redactada de forma definitiva do seguinte xeito:

D.6)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE TELECOMUNICACIONES CANTÁBRICO PARA MARTA DUARTE GARCÍA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadora
Telecomunicaciones Cantábrico S.L. Avda. Arcadio Pardiñas, 197 baixo 27880 Burela	Marta Duarte García Ferrol, 3 (27879 Rigueira)

A subvención que se concede rexese polas Bases aprobadas por este Concello en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 201.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

- 3º) no punto D.7) donde dí “ visto o informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, no que sinala que a residencia efectiva de Dª Noelia Sanchez Berdeal non se atopa no Municipio de Xove “; debe dicir “visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Vixiantes no que sinala que a residencia efectiva de Dª Noelia Sánchez Berdeal non se atopa no Municipio de Xove”.

D.7) SOLICITUDE DE Mª CONCEPCION VAZQUEZ PÉREZ, DE SUBVENCION O ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO PARA NOELIA SANCHEZ BERDEAL.

Vista a solicitude formulada por Dª Concepción Vázquez Pérez con DNI: 33.994.327-M E con domicilio a efectos de notificación en c/Verxeles, 7 (27850 Viveiro) de subvención para a traballadora Dª Noelia Sánchez Berdeal con domicilio en Vilela, 3 (27879 Rigueira).

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Vixiantes no que sinala que a residencia efectiva de Dª Noelia Sánchez Berdeal non se atopa no Municipio de Xove, polo que non procede a concesión da axuda solicitada; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a solicitude de axuda para a contratación de Dª Noelia Sánchez Berdeal.

2º) A notificación á solicitante e á traballadora, os efectos oportunos.

- 4º) no punto D.12) **APROBACIÓN DO GASTO RELATIVO ÓS PREMIOS DE ANTROIDO 2012**, compre substituír o importe líquido polo importe bruto naqueles premios determinados nas vixentes Bases , no que se inclúe a retención de IRPF, según o seguinte detalle:

LISTA DE PREMIOS DO ANTROIDO 2.011 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE XOVE		
<i>(TÍTULO DO DISFRAZ)</i>	<i>NOME - DNI</i>	<i>PREMIO</i>
EXÉRCITO XOVIÉTICO (C3)	JAVIER SÁNCHEZ FERNÁNDEZ DNI: 77595131P	1º PREMIO CARROZAS: 617,29 €
LA ABEJA MAYA (C2)	JOSÉ MANUEL MÍGUEZ DUARTE DNI: 77595214E	2º PREMIO CARROZAS: 370,38 €
TRHILLER (CG3)	JACOBO DÍAZ MEITÍN DNI: 33996813F	1º PREMIO COMPARSAS E GRUPOS DE 10 OU MÁIS PERSOAS: 370,38 €
CHAPUZAS A DOMICILIO (CG5)	MANUEL RIVAS VILLARQUIDE DNI: 33999493L	2º PREMIO COMPARSAS E GRUPOS DE 10 OU MÁIS PERSOAS: 308,65 €

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.674-R, con domicilio en Penasagudas, 12 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A Dª YOLANDA LOPEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Yolanda López López con D.N.I. nº 33.994.312-J, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.3.) AXUDA DE GANDERÍA A Dª BENEDICTA OTERO GONZALEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Benedicta Otero González con D.N.I. nº 33.994.512-Y, con domicilio en Loureiro, 14 (Monte) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. MARIA DOLORES SUAREZ BASANTA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Dolores Suárez Basanta con D.N.I. nº 76.557.063-E , con domicilio en Vilalpol, 21 (27877 Portocelo) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARIA ANTONIA GARCIA GARCIA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Antonia García García con D.N.I. nº 76.569-R, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D.7) AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A D. ANGEL JAVIER LOPEZ PARA GASTOS DE SUMINISTRO ELECTRICO.

Vista solicitude formulada por D. Angel Javier López, con D.N.I. nº Y-098705-C con domicilio en Urb. Palmeiro, 66 2º B (27870 Xove).

Vista a convocatoria da axudas de emerxencia social aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2012 e as bases reguladoras da

concesión das devanditas axudas, aprobadas igualmente na mesma sesión da Xunta de Goberno.

Visto o Informe-Proposta de Resolución emitido pola traballadora social do Concello. Vista a existencia de crédito orzamentario na partida 231.480 do Estado de Gastos do vixente orzamento municipal para 2012.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

- 1º) O libramento dunha axuda a favor de D. Angel Javier López, para os gastos de suministro eléctrico e por importe de 150,00 €.
- 2º) De acordo coa Base Undécima das que regulan as axudas de emerxencia social, o pago realizarase de unha soa vez e deberá estar xustificado en todo caso antes da finalización do exercicio.
- 3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.
- 4º) Establecer, consonte ao disposto na Base Décimoprimeira o seguinte réxime de xustificación da subvención:

As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.

Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:

- Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)
- Consonte ao artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3000 euros, non se esixirán certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento de débedas coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Autonómica. Non obstante, deberá presentarse novamente a declaración de non ter débedas con estas administracións e sí se esixirá o certificado de débedas co Concello de Xove.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

O SECRETARIO,

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.